

Estimadas familias :

Esperando que todo vaia o mellor posible e que poidamos ir cara a normalidade tan desexada . Xa nos consta que os rapaces están a traballar de maneira constante, e pese a tódolos atrancos , observamos que se esforzan e seguen a facelas tarefas de maneira diaria . Nos envíos que nos achegades de vídeos e fotos vemos que se comportan como uns campións supervisados polas familias, xa que sabemos do voso esforzo para que isto se leve a cabo.

O **vindeiro luns** volvemos a subir tarefas a Web do colexio; seguen a mesma estrutura que as anteriores, repaso, reforzo e recuperación. Cando se rematen as anteriores , poden continuar coas seguintes . Tamén van dúas lecturas de control (unha en galego e outra en castelán), que servirán para que os rapaces/as lean e poidamos velos ou escoitalos, e así poder seguir motivando o seu interese. Podedes seguir a mandar fichas ó ritmo que vos sexa máis axeitado.

Trátase de continuar con unha rutina de traballo e que os alumnos non perdan o ritmo . Se vos xurde algunha dúbida , consulten o que precisen.

Moitos saúdos e saúde.

Isabel e Chus.